

CURSO TDAH NO ÁMBITO EDUCATIVO BASES BECA FUNDACIÓN INGADA – FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ JOVE

Este curso pretende contribuír á formación continua na abordaxe do Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) por parte do profesorado dos centros educativos galegos de Primaria, Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional, sendo unha iniciativa pioneira no noso país a través da instancia de dúas entidades organizadoras sen ánimo de lucro (Fundación INGADA e Fundación María José Jove) en colaboración coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Temos constancia de que o TDAH é un trastorno moi descoñecido no ámbito educativo en canto á metodoloxía pedagóxica, ás dificultades do alumnado e á flexibilidade docente se refire. Existe unha rechamante falta de formación, escasa experiencia de manexo e pouca motivación nalgúns casos, para iniciar un cambio importante por parte do equipo docente. Estamos a falar dunha das causas máis frecuentes de fracaso escolar, reconducible e limitante para o funcionamento global da persoa, con grande impacto no medio no que se move e con altos índices de abandono escolar.

O TDAH está incluído entre os trastornos con necesidades específicas de apoio educativo (LOMCE) e é o momento de poñer solución a un problema que padecen 1 de cada 20 escolares e 1 de cada 25 adultos.

1.- OBXECTIVOS

O obxectivo fundamental do Curso e da Beca Fundación Ingada-Fundación María José Jove é fomentar a formación do profesorado e orientadores en centros escolares de Primaria, Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional na abordaxe do TDAH na aula.

Ademais, preténdese que o aprendido sexa facilmente aplicable e adaptable á realidade particular de cada centro, de cada aula ou de cada profesor.

Propónse unha acción replicable no tempo, sostible e enriquecedora para os docentes, cun desenvolvemento que potencie a xestión do coñecemento como activo principal da Comunidade Educativa.

2.- QUEN PODE PARTICIPAR?

Docentes dos centros escolares (públicos, privados ou concertados) de Educación Primaria, Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional de Galicia. A inscrición farase a través da convocatoria que a propia Consellería de Educación presenta na súa plataforma de formación. Na inscrición detallarase o nome e apelidos do alumno, así como o centro educativo no que exerce a súa labor como docente.

Establécese un límite de 50 prazas por cada localidade das seguintes: A Coruña, Lugo, Ourense, Santiago, Ferrol, Pontevedra e Vigo. O número máximo de alumnos en Galicia será, por tanto, 350 alumnos. A admisión será por rigorosa orde de inscrición. No caso de que se inscriban varios profesores dun mesmo centro, só se aceptará ao primeiro que o faga, pasando o resto ao final da lista. Adxudicaráselles praza se no se completan as da localidade correspondente con profesores doutros centros.

Nas sucesivas convocatorias, non se poderán presentar os mesmos alumnos, é dicir, non se poderá facer o curso dúas veces. Sen embargo, un mesmo centro si pode propoñer a diferentes profesores como alumnos do curso en cada edición.

É obrigatorio que o alumno desenvolva a súa actividade docente, polo menos, durante todo o curso académico no mesmo centro educativo, dende setembro a xuño.

A inscrición é GRATUITA e **non se admiten faltas de asistencia, nin tarefas sen entregar nos prazos establecidos**, salvo causa xustificada.

3.- METODOLOXÍA E DESENVOLVEMENTO DO CURSO E DA BECA

Preténdese que a formación sexa teórica e práctica, pero o que máis se valora é tela procesado e aplicado no día a día.

A.- PROGRAMA CURSO-BECA

Consta de 4 módulos teórico-prácticos a realizar en catro semanas, dos meses de xaneiro e febreiro (1 tarde por semana de 4 horas de formación, o que supón 16 horas).

Unha vez terminada a parte formativa, todos os alumnos e alumnas, deberán realizar de maneira individual, un **Proxecto Final**, a presentar no mes seguinte á finalización da formación, que terá como marco de aplicación o centro educativo ao que pertence no momento en que realiza o curso, e cuxa duración, no suposto da súa implantación, será o primeiro trimestre do curso académico 2022-2023 (en concreto, de setembro a decembro). Contabilízanse 9h de dedicación para tal fin. En total, considérase que o curso completo comprende **25 horas** de formación para as cales se outorgan os créditos correspondentes.

Ademais, poderán participar na Beca, **de forma voluntaria**, todos os proxectos que o soliciten e cumpran as directrices aprendidas e se axusten ao solicitado. Para concursar á Beca, hai que detallar na portada do proxecto o Nome e Apelidos do alumno, e-mail, teléfono de contacto, nome do centro educativo ao que pertence, provincia e a afirmación **“Este proxecto concursa a Beca”**.

B.- PROGRAMACIÓN DO CURSO

Os contidos do curso son os seguintes:

MÓDULO I

1. - Bases neurolóxicas do TDAH
2. - Diagnóstico
3. - Tratamento farmacolóxico
4. - Prevención de accidentes

MÓDULO II

1. - Medidas de Atención á Diversidade
2. - Marco legal
3. - Protocolo do TDAH
4. - Detección na Aula
5. - Intervención Psicopedagóxica

MÓDULO III

- 1.- Trastornos específicos de aprendizaxe e TDAH
2. - Sensibilización sobre diversidades na aula
3. - Educación emocional
- 4.- Estratexias metodolóxicas facilitadores da aprendizaxe

MÓDULO IV

1. - Intervención conductual
2. - Motivación no TDAH
3. - Familia e TDAH

C.- ESTRUCTURA NECESARIA DO PROXECTO FINAL

Todos os traballos finais, opten ou non á Beca, deberán ter unha extensión entre 10 e 15 folios.

Se varios alumnos dun mesmo Centro Educativo (máximo 3), van a traballar conxuntamente, poderán presentar un único traballo, entregando cada un deles o traballo na plataforma pertinente.

O tipo de letra será Times New Roman 12, interliñado a 1,5, a unha cara.

Ademais, seguirán o seguinte esquema de desenvolvemento:

- 1.- Introducción
- 2.- Xustificación do proxecto en base ás necesidades existentes no centro
- 3.- Especificar o curso escolar no que se quere aplicar
- 4.- Obxectivos esperados, cuantitativos e cualitativos
- 5.- Dificultades do TDAH que se pretenden abordar e mellorar

6.- Metodoloxía

7.- Indicadores de resultado

8.- Cronograma do proxecto dende setembro a decembro

9.- Orzamento (incluír só nos traballos que opten a beca)

10.- Disciplina educativa na que se pretende incidir: matemáticas, música, actividades deportivas, lingua española...

11.- Posibilidades de aplicación noutros cursos

12.- Material de soporte a utilizar e elementos pedagóxicos

13.- Bibliografía

Todos os proxectos serán avaliados polo Equipo Docente.

4.- VALORACIÓN DOS TRABALLOS QUE CONCURSAN A BECA

Unha vez se coñezan todos os proxectos que concursan a Beca, o Equipo Docente seleccionará aqueles cunha puntuación superior a 7 sobre 10 ou, no seu defecto, os 3 mellores.

Esta selección será enviada ao **Comité Externo Avaliador**, formado por un Grupo de Expertos de diferentes áreas con ampla experiencia na abordaxe do TDAH e que gozan de recoñecemento pola súa labor en favor de persoas con TDAH a nivel nacional.

Dito comité inclúe profesionais independentes ao Equipo Docente da Fundación INGADA e relaciónanse a continuación:

- César Soutullo Esperón – Psiquiatra Infantil da Clínica Universitaria de Navarra
- Juncal Sevilla Vicente – Psiquiatra Infanto-xuvenil da Fundación Jiménez Díaz e da Clínica Ruber Internacional.
- Manuel Fernández Fernández – Docente en Santiago de Compostela e membro da Asociación Compostelana de TDAH.

- José Ángel Alda Díez – Psiquiatra Infantil no Hospital Sant Joan de Deu
- Manuel Antonio Fernández Fernández – Neuropediatra en Sevilla
- Iban Onandia Hinchado – Neuropsicólogo e asesor técnico da Asociación de TDAH de Bizkaia.

Este equipo seleccionará o proxecto gañador da BECA; se ben, a mesma poderá quedar deserta, a criterio do Comité Externo Avaliador.

A BECA consistirá na cantidade de 3.000 euros para o Centro Educativo ao que pertence, no momento en que realiza o curso, o alumno que realice o mellor Proxecto Final, co fin de que poida desenvolverse e levarse á práctica en dito Centro, dentro dos prazos establecidos. Outorgarase un Certificado ao autor. O abono da BECA realizarase da seguinte forma, previa entrega á Fundación INGADA dun certificado bancario da conta titularidade do Centro Educativo:

- . 50% ao inicio do Proxecto (mes de setembro de 2022)
- . O 50% restante entregarase ao finalizar a implementación do proxecto, unha vez entregada a memoria final á que se fai referencia no apartado relativo á AVALIACIÓN (6) (mes de decembro de 2022)

5.- ENTREGA DA BECA

O gañador da Beca farase público nunha rolda de prensa a celebrar na sede da Fundación María José Jove en presenza dos presidentes de ambas Fundacións e o Conselleiro ou a Conselleira de Educación. O acto oficial anunciarase previamente en redes sociais, web e correo electrónico, que se enviará a todos os participantes.

O gañador da BECA comprométese e obriga a que a implantación do seu traballo se leve a cabo no Centro Educativo ao que pertence no momento en que realiza o curso, de tal maneira que, se el non estivese en dito Centro para dita implantación, un docente do indicado Centro poida realizar a mesma.

Ademais, o gañador da BECA obrígase a asistir ao acto de entrega da Beca Fundación María José Jove-Fundación INGADA correspondente á seguinte convocatoria, co fin de explicar nese acto, de maneira breve, os resultados da execución do traballo polo que foi premiado na convocatoria anterior.

En caso de que o gañador da BECA ou o Centro Educativo comuniquen, no prazo dun mes desde o anuncio do gañador, que non se vai a levar a cabo a implantación do Proxecto Final gañador da Beca, ambas Fundacións poderán acordar a entrega da BECA ao Proxecto Final que quedase en segundo lugar.

6.- AVALIACIÓN

Unha vez outorgada a Beca farase un seguimento directo entre o Director de Docencia da Fundación INGADA e o alumno premiado (ou docente designado, en caso de que o alumno premiado xa non pertenza ao Centro Educativo no que se implante o traballo), co fin de comprobar a aplicación do proxecto. Ademais, dito alumno/docente deberá de facer entrega á Fundación INGADA (a/a: Director de Docencia (docencia.ingada@gmail.com)) dunha Memoria Final cos resultados do Proxecto executado.

No suposto de que no se leve a cabo a implantación no Centro Educativo do Proxecto Final, ou que esta se vea interrompida por motivos non xustificados ao xuízo de ambas Fundacións, o Centro estará obrigado a devolver as cantidades percibidas.

7.- CONSIDERACIÓNS FINAIS

Todos os alumnos que finalicen o curso, poderán participar como colaboradores voluntarios da Fundación INGADA se así o desexan e asistir gratuitamente ás actividades formativas que a Fundación INGADA organice. Se algún profesor queda excluído no proceso de admisión e ten interese en recibir a formación, pode poñerse en contacto coa secretaría da Fundación INGADA comunicándollo no mail: info@fundacioningada.net

Habilitarase un curso online do que se informará detalladamente na web da Fundación INGADA: www.fundacioningada.net, e en redes sociais.

8.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste proxecto implica a plena aceptación das presentes bases sen reserva algunha, e o criterio das entidades convocantes en canto á resolución de calquera cuestión que se puidera derivar, de tal maneira que estas poderán eliminar xustificadamente a aquel alumno que non cumpra co estipulado nas mesmas.

9.- PROTECCIÓN DE DATOS

A.- Fundación INGADA:

En materia de protección de datos persoais, informamos ao alumnado do tratamento que a Fundación INGADA realizará dos datos persoais facilitados como consecuencia da súa participación no Curso de Bolsas:

1. **Identidade e datos de contacto do Responsable.** Todos os datos persoais que nos facilite (en diante, os "Datos Persoais") incorporaranse a un rexistro de actividades docentes propiedade da Fundación INGADA.
2. **Finalidades e bases xurídicas do tratamento.** A Fundación INGADA tratará os seus datos persoais co fin de tramitar tamén a súa participación no Curso-Bolsa, valoración polo Grupo de Expertos no seu caso, comunicar e publicar o gañador da Bolsa nas redes sociais, así como calquera outra comunicación relacionada co desenvolvemento do devandito Curso-Bolsa.

Os Datos Persoais serán conservados pola Fundación INGADA ata que exerza o seu dereito de cancelación.

Podes revogar o teu consentimento para o tratamento dos teus datos persoais en calquera momento. Para iso só tes que enviar unha solicitude por escrito ao enderezo electrónico info@fundacioningada.net ou á rúa Federico García 2, baixo, 15009 A Coruña. A solicitude deberá conter copia do DNI ou outro documento identificativo equivalente, así como o contido mínimo previsto na normativa aplicable.

3. **Medidas de seguridade.** A Fundación INGADA tratará os seus datos persoais de forma absolutamente confidencial. Así mesmo, ten implantadas as medidas técnicas e organizativas adecuadas para garantir a seguridade dos seus datos persoais e evitar a súa destrución, perda, acceso ilícito ou alteración ilícita. Á hora de determinar estas medidas tivéronse en conta criterios como o alcance, o contexto e as finalidades do tratamento; o estado da técnica e os riscos existentes.
4. **Transferencias internacionais de datos.** A Fundación INGADA ten previsto realizar unha única transferencia internacional de datos: á entidade Google, para poder utilizar o servizo de correo electrónico de Google. Esta transferencia é lícita, xa que Google garante un nivel de protección dos datos persoais equivalente ao existente na Unión Europea xa que está adherido ao Privacy Shield.
5. **Dereitos.** Pode exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación, limitación, portabilidade e oposición dirixíndose á Fundación INGADA a través do correo electrónico info@fundacioningada.net ou na rúa Federico García, 2, baixo, 15009 A Coruña. A solicitude deberá conter copia do DNI ou outro documento identificativo equivalente, así como o contido mínimo previsto na normativa aplicable. Se a solicitude non reúne os requisitos especificados, a Fundación INGADA poderá requirir a súa corrección. Non se requirirá contraprestación para o exercicio dos dereitos. Así mesmo, no caso de que considere que a Fundación INGADA tratou os seus Datos Persoais ou os do menor ao seu coidado incumprindo a normativa, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ou ante a autoridade de control correspondente.

B.- Fundación María José Jove (FMJJ):

En canto á protección de datos persoais, informamos ao alumnado do tratamento que a FMJJ realizará dos datos persoais facilitados como consecuencia da súa participación no Curso-Bolsa:

1. Identidade e datos de contacto do Responsable. Todos os datos persoais que nos facilite (en diante, os "Datos Persoais") incorporaranse a un rexistro de actividades de tratamento propiedade de FMJJ.

2. Finalidades e bases xurídicas do tratamento. A FMJJ tratará os seus datos persoais co fin de tramitar a súa participación no Curso-Bolsa e, no seu caso, comunicar e publicar nas redes sociais o gañador da Bolsa, así como calquera outra comunicación relacionada co desenvolvemento do devandito Curso-Bolsa.

Os datos persoais serán conservados por FMJJ ata que exerza o seu dereito de cancelación.

Podes revogar o teu consentimento para o tratamento dos teus datos persoais en calquera momento. Para iso só tes que enviar unha solicitude por escrito ao enderezo electrónico info@fundacionmariajosejove.org ou á rúa Galileo Galilei 6, (15008)- A Coruña. A solicitude deberá conter copia do DNI ou outro documento identificativo equivalente, así como o contido mínimo previsto na normativa aplicable.

3. Medidas de seguridade. A FMJJ tratará os seus datos persoais de forma absolutamente confidencial. Así mesmo, ten implantadas as medidas técnicas e organizativas adecuadas para garantir a seguridade dos seus datos persoais e evitar a súa destrución, perda, acceso ilícito ou alteración ilícita. Á hora de determinar estas medidas tivéronse en conta criterios como o alcance, o contexto e as finalidades do tratamento; o estado da técnica e os riscos existentes.

4. Transferencias internacionais de datos. A FMJJ ten previsto realizar unha única transferencia internacional de datos: á entidade Google, para poder utilizar o servizo de correo electrónico de Google. Esta transferencia é lícita, xa que Google garante un nivel de protección dos datos persoais equivalente ao existente na Unión Europea xa que está adherido ao Privacy Shield.

5. **Dereitos.** Pode exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación, limitación, portabilidade e oposición dirixíndose a FMJJ a través do correo electrónico info@fundacionmariajosejove.org ou na rúa Galileo Galilei 6, (15008)- A Coruña. A solicitude deberá conter copia do DNI ou outro documento identificativo equivalente, así como o contido mínimo previsto na normativa aplicable. Se a solicitude non reúne os requisitos especificados, a FMJJ poderá requirir a súa corrección. Non se requirirá contraprestación para o exercicio dos dereitos. Así mesmo, no caso de que considere que FMJJ tratou os seus Datos Persoais ou os do menor ao seu cargo incumprindo a normativa, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ou a autoridade de control correspondente.